

INCOLSA

CONTAS ANUAIS 2013
INCOLSA



INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.

Contas Anuais abreviadas
a 31 de decembro de 2013


Inclúe Informe de Auditoría

SANTIAGO DE
COMPOSTELA

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.
BALANCE DE SITUACIÓN ABREVIADO A 31-XII-2013

ACTIVO	Notas da Memoria	2013	2012	PASIVO	Notas da Memoria	2013	2012
A) ACTIVO NON CORRENTE		82.259,29	88.945,09	A) PATRIMONIO NETO		353.989,67	341.689,65
I. Inmobilizado intanxible	4.1 e 5.2	12.068,19	15.546,58	A-1) Fondos Propios	8	353.962,34	339.035,60
II. Inmobilizado material	4.2 e 5.1	61.802,66	65.010,07	I. Capital.	8	60.101,21	60.101,21
V. Inversións financeiras a longo prazo.	4.3a) e 6	8.388,44	8.388,44	1. Capital escriturado.		60.101,21	60.101,21
B) ACTIVO CORRENTE		562.575,92	453.546,50	III. Reservas.	8	278.934,39	268.994,64
II. Existencias.	4.4	12.669,41	16.771,04	VII. Resultado do exercicio.	3	14.926,74	9.939,75
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar.	4.3a) e 6	436.613,72	228.545,29	A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos.	4.11 e 11	27,33	2.654,05
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		62.743,59	76.730,14	B) PASIVO NON CORRENTE		0,10	6,68
3. Outros debedores		373.870,13	151.815,15	IV. Pasivos por imposto diferido.		0,10	6,68
V. Inversións financeiras a curto prazo		0,00	12,00	C) PASIVO CORRENTE		290.845,44	200.795,26
VI. Periodificacións a curto prazo.	4.7	38.945,18	54.784,01	III. Provisións a curto prazo.			3.160,02
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.		74.347,61	153.434,16	III. Débedas a curto prazo.	4.3b) e 7	128,24	1.291,50
				1. Débedas con entidades de crédito.		128,24	
				3. Outras débedas a curto prazo			1.291,50
				V. Acredores comerciais e outras contas a pagar.	4.3b) e 7	290.717,20	196.343,74
				1. Proveedores.		1.066,25	350,90
				2. Outros acredores		289.650,95	195.992,84
TOTAL ACTIVO (A+B)		644.835,21	542.491,59	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		644.835,21	542.491,59

As notas descritas forman parte integrante do balance de situación .



SANTIAGO DE
COMPOSTELA

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS ABREVIADA A 31-XII-2013

Título	Notas	(Debe) Haber	
		2013	2012
1. Importe neto da cifra de negocios.	4.7	252.220,13	215.414,77
4. Aprovisionamentos .	4.7 e 10	(68.648,79)	(80.257,56)
5. Outros ingresos de explotación.	4.11 e 11	1.124.640,28	1.024.326,16
6. Gastos de persoal.	4.9 e 10	(788.237,62)	(724.520,63)
7. Outros gastos de explotación.	4.7 e 10	(491.026,12)	(399.315,32)
8. Amortización do inmovilizado.	4.1 e 4.2	(14.845,72)	(16.499,05)
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras.	11	2.633,30	3.673,52
10. Excesos de provisións.			
11. Deterioro e resultado por alleamentos do inmovilizado.			(241,58)
13. Outros resultados.	10	(814,96)	9.123,84
A1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)		15.920,50	31.704,15
14. Ingresos financeiros.	4.3	70,01	
15. Gastos financeiros.	4.3	(1.019,32)	(21.455,90)
17. Diferenzas de cambio.	4.5	(7,04)	(283,59)
B) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17)		(956,35)	(21.739,49)
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)		14.964,15	9.964,66
19. Impuestos sobre beneficios	4.6 e 9	(37,41)	(24,91)
D) RESULTADO DO EXERCICIO (C + 19)		14.926,74	9.939,75

As notas descritas forman parte integrante da Conta de Perdas e Ganancias

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.

ESTADO ABREVIADO TOTAL DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO CORRESPONDIENTE AO EXERCICIO REMATADO A 31/12/13
A) ESTADO ABREVIADO DE INGRESOS E GASTOS RECONOCIDOS CORRESPONDIENTES AO EXERCICIO REMATADO A 31/12/13

	Notas na Memoria	Exercicio 2013	Exercicio 2012
A) RESULTADO DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS			
Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto		14.926,74	9.939,75
III. Subvencións, doazóns e legados recibidos	11		
V. Efecto impositivo			
B) TOTAL INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (I+II+III+IV+V)		0,00	0,00
Transferencias á conta de perdas e ganancias.			
VIII. Subvencións, doazóns e legados recibidos	11	-2.633,30	-3.673,52
IX. Efecto impositivo		6,58	9,17
C) TOTAL TRANSFERENCIAS Á CONTA DE PERDAS E GANANCIAS (VI+VII+VIII+IX)		-2.626,72	-3.664,35
TOTAL INGRESOS E GASTOS RECONOCIDOS (A+B+C)		12.300,02	6.275,40

As notas descritas forman parte integrante do Estado abreviado total de cambios no patrimonio neto.

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.

ESTADO ABREVIADO TOTAL DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO CORRESPONDIENTE AO EXERCICIO REMATADO A 31/12/2013
B) ESTADO ABREVIADO TOTAL DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO CORRESPONDIENTE AO EXERCICIO REMATADO A 31/12/2013

	Capital		Reservas	Outras Acheegas de socios	Resultados de exercicios anteriores	Resultado do Exercicio	Subvencións, doazóns e legados recibidos	TOTAL
	Eschrifturado	Non esixido						
A. SALDO AO PECHE DO EXERCICIO 2011								
I. Axustes por cambios de criterio 2011 e anteriores	60.101,21	0,00	259.743,76	0,00	0,00	9.250,88	6.318,40	335.414,25
II. Axustes por erros 2011 e anteriores								
B. SALDO AXUSTADO AO INICIO DO EXERCICIO 2012								
I. Total ingresos e gastos recoñecidos	60.101,21	0,00	259.743,76	0,00	0,00	9.250,88	6.318,40	335.414,25
II. Operacións con socios ou propietarios						9.939,75	-3.664,35	6.275,40
1. Aumentos de capital								0,00
2. (-)Reducións de capital								0,00
3. Outras operacións con socios ou propietarios								0,00
III. Outras variacións do patrimonio neto								0,00
C. SALDO FINAL DO EXERCICIO 2012								
I. Axustes por cambios de criterio 2012	60.101,21	0,00	9.250,88	0,00	0,00	-9.250,88		0,00
II. Axustes por erros 2012			268.994,64	0,00	0,00	9.939,75	2.654,05	341.689,65
D. SALDO AXUSTADO AO INICIO DO EXERCICIO 2013								
I. Total ingresos e gastos recoñecidos	60.101,21	0,00	268.994,64	0,00	0,00	9.939,75	2.654,05	341.689,65
II. Operacións con socios ou propietarios						14.926,74	-2.626,72	12.300,02
1. Aumentos de capital								0,00
2. (-)Reducións de capital								0,00
3. Outras operacións con socios ou propietarios								0,00
III. Outras variacións do patrimonio neto								0,00
SALDO FINAL DO EXERCICIO 2013	60.101,21	0,00	278.934,39	0,00	0,00	14.926,74	27,33	353.989,67

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. MEMORIA ANUAL 2013

Nota 1. ACTIVIDADE DA EMPRESA

INFORMACION E COMUNICACIÓN LOCAL, SOCIEDADE ANONIMA, foi constituída mediante escritura pública outorgada con data 20 de xaneiro de 1999 e figura inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, no Tomo 2.180, folio 201, folla C-21.392, inscrición 1ª, e con C.I.F. A-15.683.477.

A Sociedade, participada ao 100% polo Concello de Santiago de Compostela, ten establecido o domicilio social en Santiago de Compostela, Praza do Obradoiro s/n, Pazo de Raxoi.

A Sociedade constituíuse por tempo ilimitado.

Tralo acordo de modificación dos Estatutos Sociais adoptado pola Xunta Xeral da sociedade con data 27 de xuño de 2013, constitúe o obxecto social de INCOLSA :

- a) A comunicación impresa mediante revistas, folletos, carteis e calquera outro medio que se estime necesario.
- b) A produción, reprodución e difusión de imaxes e sons, a través dos sistemas que se consideren oportunos.
- c) O fomento e promoción da actividade turística xeral no ámbito municipal en colaboración e cooperación coas restantes Administracións públicas e especialmente cos restantes Concellos da comarca de Santiago de Compostela.
- d) O estudo, xestión e execución de plans de dinamización e excelencia turística e programas de actuación concertados con Administracións e outras institucións e entidades públicas e privadas de índole turística ou de comunicación e información.
- e) O desenvolvemento e xestión de campañas de información, comunicación e promoción turística e cidadá.
- f) A explotación comercial de publicacións, folletos, imaxe corporativa, símbolos e anagramas, titularidade do Concello de Santiago, así como aqueles outros que se poidan elaborar ou producir pola propia Sociedade.
- g) A xestión das oficinas de información turística e cidadá e a produción de cantos outros servizos turísticos se consideren necesarios para o desenvolvemento do sector no municipio.
- h) Cantas actividades ou funcións sexan anexas ou complementarias das anteriores e, en xeral, todas aquelas encamiñadas á promoción da cidade de Santiago e dos seus habitantes.
- i) Crear e desenvolver redes relacionadas coa xestión, investigación e innovación do impacto turístico nos novos desenvolvementos urbanos e nos xa existentes co obxecto de garantir un equilibrio sostible entre a poboación residente e a actividade propiamente turística no ámbito do Concello de Santiago.
- j) Cooperar, asesorar e establecer relacións con institucións locais, rexións, nacionais e europeas, así como empresas, colectivos e outras asociacións de carácter nacional e internacional relacionadas coa xestión, investigación, innovación e creación.
- k) Axudar ao desenvolvemento sostenible e ao mantemento dos nosos recursos históricos, urbanos, naturais, medioambientales e culturais, con especial atención ao que poida contribuir a mellorala calidade de vida e o benestar social dos cidadáns sexa cal for a súa idade e condición.

- l) Investigar e promover solucións aos problemas provocados pola evolución dos sistemas sociais, culturais e os desequilibrios xerados polos novos modelos de vida.
- m) Xestión de todo tipo de bens de titularidade municipal que sexan precisos ou axeitados para o cumprimento do seu obxecto social.
- n) Desenvolvemento e xestión do turismo de congresos na cidade.

O desenvolvemento do obxecto social de INCOLSA constitúe unha forma de xestión directa dun servizo público de competencia local, de conformidade co establecido no art. 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, sendo medio propio e servizo técnico do Concello de Santiago, nos termos contemplados no art. 24.6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e demais normativa que a complementa, desenvolva ou substitúa, para calquera encomenda e en calquera procedemento de adxudicación de contratos nas materias comprendidas no seu obxecto social.

A actividade actual da empresa coincide co seu obxecto social.

A moeda funcional coa que opera a empresa é o euro.

Nota 2. BASES DE PRESENTACION DAS CONTAS ANUAIS

2.1.- IMAXE FIEL

As contas anuais preparáronse a partir dos rexistros contables da Sociedade e preséntanse de acordo coa lexislación mercantil vixente e coas normas establecidas no Plan Xeral de Contabilidade vixente, co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade.

Os administradores presentan as Contas Anuais segundo o modelo abreviado, de acordo coas condicións establecidas nos artigos 257 e 258 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.

De acordo coa normativa indicada anteriormente, a Sociedade non está obrigada á formulación do Estado de Fluxos de Efectivo.

As contas anuais de INFORMACION E COMUNICACIÓN LOCAL, SOCIEDADE ANONIMA (INCOLSA), atópanse pendentes de aprobación pola Xunta Xeral de Accionistas. Aínda así, o Consello de Administración da Sociedade non espera que se produzan modificacións significativas nas mesmas como consecuencia de dita aprobación.

As contas anuais do exercicio anterior, aprobáronse pola Xunta Xeral de Accionistas, o 30 de maio de 2013.

2.2.- PRINCIPIOS CONTABLES

Aplicanse todos os principios obrigatorios establecidos no Código de Comercio e no Plan Xeral de Contabilidade aprobado polo R.D. 1514/2007, de 16 de novembro.

2.3.- ASPECTOS CRÍTICOS DA VALORACIÓN E ESTIMACIÓN DA INCERTIDUME

Non se dan supostos claves, nin datos sobre a estimación da incerteza na data de peche do exercicio, que leven asociado un risco importante, ou poidan supoñer cambios significativos no valor dos activos e pasivos.

Non hai cambios en estimacións contables que sexan significativos e afecten ao exercicio actual, ou se espere que poidan afectar aos exercicios futuros.

O Balance de situación a 31/12/13 amosa un Fondo de Manobra positivo por importe de 271.730,48 euros. O Balance de situación 31/12/12 amosaba un Fondo de Manobra positivo por importe de 252.751,24 euros.

Os Administradores non son conscientes de incertezas importantes, relativas a eventos ou condicións que poidan aportar dúbidas significativas sobre a posibilidade de que a empresa siga funcionando normalmente.

2.4.- COMPARACIÓN DA INFORMACIÓN

As contas anuais recollen ademais dos saldos correspondentes ao exercicio 2013, os correspondentes ao exercicio anterior, aos efectos da súa posible comparación tal e como se recolle na normativa contable en vigor, manténdose a mesma estrutura de Balance, Conta de Perdas e Ganancias e Estado de cambios no patrimonio neto do exercicio anterior.

2.5.- ELEMENTOS RECOLLIDOS EN VARIAS PARTIDAS

Non hai elementos patrimoniais que estean rexistrados en dúas ou máis partidas do Balance.

2.6 - CAMBIOS EN CRITERIOS CONTABLES

Non se produciron axustes por cambios nos criterios contables durante o exercicio.

2.7 - CORRECCIÓN DE ERROS

Non se produciron axustes por corrección de erros nos exercicios 2012 e 2013.

2.8 - IMPORTANCIA RELATIVA

Ao determinar a información a detallar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a Sociedade, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do exercicio 2013.

Nota 3. APLICACIÓN DE RESULTADOS.

De acordo co previsto nos artigo 273 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, fórmulase a seguinte proposta de aplicación dos Resultados do exercicio de 2013, á Xunta Xeral.

No exercicio 2013 producíronse uns beneficios por importe de 14.926,74 euros e no 2012 uns beneficios por importe de 9.939,75 euros.

A proposta de distribución de resultados do Consello de Administración á Xunta Xeral de accionistas é a de traspasar os beneficios obtidos en 2013 a Reservas Voluntarias, por importe de 14.926,74 euros.

No 2012 a proposta de distribución de resultados do Consello de Administración á Xunta Xeral de accionistas foi traspasar os beneficios obtidos en 2012 a Reservas Voluntarias, polo importe de 9.939,75 euros.

Base de reparto	Exercicio 2013	Exercicio 2012
Perdas e ganancias (129)	14.926,74	9.939,75
Distribución	Exercicio 2013	Exercicio 2012
Reservas voluntarias (113)	14.926,74	9.939,75
TOTAL BASE DE REPARTO = TOTAL DISTRIBUCIÓN	14.926,74	9.939,75

Nota 4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN.

Os criterios contables aplicados para o rexistro e valoración dos distintos elementos patrimoniais son os seguintes:

4.1.- Inmobilizado intanxible

Os bens comprendidos no inmobilizado intanxible valóranse polo seu prezo de adquisición, o cal inclúe todos aqueles gastos adicionais ata a súa posta en funcionamento.

Todos os elementos de inmobilizado intanxible teñen unha vida útil definida.

A dotación anual á amortización calculouse seguindo o método lineal de cotas constantes, estimando un valor residual nulo, en función da vida útil dos bens, segundo o seguinte detalle:

Elementos	Método	Importe amortizado		Vida útil estimada
		2013	2012	
Marcas	Lineal	4.677,98	5.163,48	5, 10 anos
Aplicacións informáticas	Lineal	0,00	19,69	3,03, 4 anos
Propiedade intelectual	Lineal	0,00	104,19	3,03, 5 anos
	Total	4.677,98	5.287,36	

Durante o exercicios 2013 e 2012 a sociedade non realizou correccións valorativas por deterioro do inmobilizado intanxible.

No Balance de Situación que forma parte das contas anuais, os elementos do inmobilizado intanxible valóranse polo seu prezo de adquisición ou custo de produción menos a amortización acumulada.

4.2.- Inmobilizado material

Os bens comprendidos no inmovilizado material atópanse valorados polo seu prezo de adquisición, o cal inclúe todos aqueles gastos adicionais ata a súa posta en funcionamento.

As reparacións que non supoñen unha ampliación da vida útil do inmovilizado material lévanse directamente á Conta de Perdas e Ganancias. Aquelas melloras e ampliacións que dan lugar a un aumento da vida útil do inmovilizado, capitalízanse como maior valor do mesmo.

A dotación anual á amortización calculouse seguindo o método lineal de cotas constantes, estimando un valor residual nulo, en función da vida útil dos bens, segundo o seguinte detalle:

Elementos	Método	Importe amortizado		Vida útil estimada
		2013	2012	
Outras instalacións	Lineal	3.057,00	3.057,00	8, 33 anos
Mobiliario	Lineal	5.759,95	5.424,49	10 anos
Equipos informáticos	Lineal	1.155,53	2.534,94	4, 5, 10 anos
Outro inmovilizado material	Lineal	195,26	195,26	10, 20 anos
	Total	10.167,74	11.211,69	

Durante os exercicios de 2013 e 2012, a sociedade non realizou correccións valorativas por deterioro do inmovilizado material.

No Balance de Situación que forma parte das contas anuais, os elementos do inmovilizado material valóranse polo seu prezo de adquisición ou custo de produción menos a amortización acumulada.

4.3.- Instrumentos financeiros

a) Activos financeiros. Préstamos e partidas a cobrar

Os activos financeiros recollidos dentro deste epígrafe rexístranse inicialmente polo valor razoable da contraprestación entregada máis os custos da transacción que sexan directamente atribuíbles.

Non obstante, a valoración dos créditos por operacións comerciais faise polo seu valor nominal- xa que teñen un vencemento non superior ao ano, non teñen ningún tipo de xuro contractual e a falta de actualización dos fluxos futuros de efectivo non é significativa, é dicir, non distorsiona a imaxe fiel- sen que tivera que ser necesario incorporar intereses, polo momento, no nominal dos mesmos.

Para o cálculo das correccións valorativas relativas aos saldos dos debedores comerciais e outras contas a cobrar aplicase o sistema individualizado. A sociedade considera como créditos morosos, aqueles para os que transcorreron como mínimo, seis meses desde o vencemento, sen que estes foran cobrados.

Así mesmo, practícanse correccións valorativas sobre aqueles créditos para os que aínda que non transcorreu o prazo de seis meses dende a data de vencemento, existen outras evidencias

obxectivas de que o seu valor se deteriorou como resultado de eventos posteriores ao seu recoñecemento inicial e que ocasionan unha redución ou retraso nos fluxos de efectivo estimados futuros.

En 2012 rexistrouse a baixa en Balance das débedas recollidas en contas de clientes de dubidoso cobro de exercicios anteriores e do deterioro de valor de créditos por operacións comerciais dotado para as mesmas.

b) Pasivos financeiros. Débitos e partidas a pagar.

Clasifícanse dentro desta categoría de pasivos financeiros aqueles débitos e partidas a pagar que ten a sociedade e que se orixinaron na compra de bens e servizos por operacións de tráfico, ou tamén aqueles que sen ter unha orixe comercial, non poden ser considerados como instrumentos financeiros derivados.

A sociedade dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen as obrigacións que os xeraron.

Os pasivos financeiros rexístranse inicialmente polo valor razoable da contraprestación recibida axustado polos custos da transacción que lles sexan directamente atribuíbles.

Os pasivos financeiros e os instrumentos de patrimonio clasifícanse conforme ao contido dos acordos contractuais pactados e tendo en conta o fondo económico.

As débedas por operacións non comerciais, que son todas a curto prazo salvo o recoñecemento dun pasivo por imposto diferido, figuran no balance polo seu valor nominal. A débeda por crédito disposto na póliza de crédito de vencemento inferior ao ano recóllese polo valor razoable equivalente ao valor recibido. As comisións bancarias rexístranse no momento da súa liquidación.

As débedas por operacións comerciais, que son todas a curto prazo, figuran no balance polo seu valor nominal. Os acredores comerciais non devengan explicitamente intereses e rexístranse polo seu valor nominal.

A Sociedade non mantén pasivos financeiros mantidos para negociar nin pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

O detalle dos saldos das contas relacionadas con instrumentos financeiros é o seguinte:

Conta	Denominación	Saldo 31/12/13	Saldo 31/12/12
49	Deterioro de valor de créditos comerciais e provisiones a curto prazo	0,00	0,00
694	Perdas por deterioro de créditos por operacións comerciais	0,00	0,00
794	Reversión do deterioro de créditos por operacións comerciais	0,00	0,00
66	Gastos financeiros	1.086,22	21.961,65
76	Ingresos financeiros	129,87	222,16

4.4.- Existencias

As existencias están valorados ao prezo de adquisición ou custo de produción ou polo valor neto de realización, cando este é inferior. O prezo de adquisición comprende o consignado na factura despois de deducir calquera desconto máis todos os gastos adicionais (transportes, fretes, seguros, etc) e impostos indirectos non recuperables, que se produzan, ata que os bens se atopen situados para a súa venda. O método de valoración de existencias empregado foi o FIFO.

Dotouse unha provisión por deterioro de valor das mercadorías. Este deterioro calculouse para aqueles artigos referidos a períodos concretos de tempo, que unha vez transcorrido este perden valor, e para os artigos que ao longo do exercicio rexistraron unha porcentaxe de rotación inferior ao 70% segundo o seguinte cadro:

Rotación	Depreciación
Entre 0% e 20%	99%
Entre 20% e 40%	70%
Entre 40% e 50%	60%
Entre 50% e 70%	40%
> 70%	0%

Os importe das dotacións e reversións por deterioro de existencias nos exercicios 2013 e 2012 foron as seguintes:

Concepto	2013	2012
Perdas por deterioro de existencias (693)	32.142,56	28.653,74
Reversión do deterioro de existencias (793)	28.653,74	14.807,93

O saldo de existencias a 31 de decembro que reflicte o balance de situación adxunto, recolle o seu valor, corrixido no importe do deterioro estimado para cada un dos exercicios segundo se detalla a continuación:

Concepto	Importe	
	2013	2012
Mercadorías	44.811,97	45.424,78
Deterioro de valor das mercadorías	(32.142,56)	(28.653,74)
	12.669,41	16.771,04

A sociedade contou durante o ano 2013 e 2012 con cobertura de seguros polas existencias que mantiña almacenadas en almacén.

4.5 - Transaccións en moeda estranxeira

As operacións formalizadas en moeda estranxeira contabilizáronse en euros aplicando o tipo de cambio vixente no momento da súa realización. As diferenzas por variación do tipo de cambio entre o momento en que tivo lugar a transacción e o momento de cancelación da débeda recolléronse nas contas 668 Diferenzas Negativas de Cambio ou 768 Diferenzas Positivas de Cambio dependendo do seu signo.

Os saldos de acredores contraídos en moeda estranxeira e non cancelados, contabilízanse polo contravalor en euros, segundo cotización no momento de realización da transacción, xa que aplicando o principio de importancia relativa, estímase que non é significativa a variación do valor contable por aplicación do tipo de cambio vixente, non alterándose a expresión da imaxe fiel.

4.6.- Imposto sobre beneficios

O gasto a rexistrar polo imposto sobre sociedades calcúlase sobre o resultado económico antes de impostos, practicándose os axustes derivados das diferenzas permanentes e diferenzas temporais de existir estas.

As bonificacións e deducións na cota do imposto, excluídas as retencións e pagos a conta, consideraranse como unha minoración no importe do imposto sobre sociedades a pagar e do crédito por perdas a compensar. Máis concretamente, INCOLSA como sociedade anónima municipal, acóllese á bonificación do 99% da cota íntegra ao abeiro do artigo 34.2 da TRLIS.

Con ocasión de cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) co obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos de acordo cos resultados das análises realizadas.

4.7.- Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio do devengo, é dicir, cando se produce a corrente real de bens e servizos que os mesmos representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria e financeira derivada dos mesmos.

Nas contas de Compras e Gastos, anótase o importe propiamente devengado, con exclusión de descontos comerciais en factura, incrementado en todos os custos e gastos de instalación, transportes e impostos non recuperables a cargo da empresa, etc.

As contas de Ventas ou Ingresos, rexístranse polo importe neto, é dicir, deducindo as bonificacións e descontos comerciais en factura.

Concretamente, os ingresos calcúlanse ao valor razoable da contraprestación a recibir e representan os importes a cobrar polos bens entregados e os servizos prestados no marco ordinario da actividade, deducidos descontos e impostos.

4.8 - Provisións e continxencias

No exercicio 2012 estimáronse responsabilidades por retribucións ao persoal baseadas na demanda de proceso monitorio en reclamación de cantidade interposta á sociedade, dotándose a correspondente provisión a curto prazo contra os resultados do exercicio.

No exercicio 2013 non se estimaron responsabilidades probables ou certas de calquera natureza, con orixe en litixios en curso, reclamacións, avais, garantías, indemnizacións e obrigacións pendentes de contía indeterminada, que haxa que provisionar contra os resultados do exercicio. No 2013 aplicouse a provisión por retribucións ao persoal baseada na demanda de proceso monitorio en reclamación de cantidade interposta á sociedade e dotada en 2012.

4.9.- Criterios empregados para o rexistro dos gastos de persoal

Os gastos de persoal impútanse a resultados en función do criterio do devengo, é dicir, cando se produce a corrente real de bens e servizos que os mesmos representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria e financeira derivada dos mesmos.

4.10.- Provisións para pensións e sobre similares

A sociedade non dotou provisión ningunha para pensións ou similares.

4.11.- Subvencións, doazóns e legados (Ver Nota 11)

De acordo coa norma de valoración nº 18 do Plan Xeral de Contabilidade de 2007, as subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilízanse inicialmente como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto e recoñécense na conta de perdas e ganancias como ingresos sobre unha base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados do gasto ou inversión obxecto da subvención.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables efectuarase atendendo á súa finalidade, distinguindo entre outras as seguintes:

- As que se concedan para asegurar unha rendibilidade mínima ou compensar os déficit de explotación, imputaranse como ingresos do exercicio no que se concedan, salvo se se destinan a financiar déficit de explotación de exercicios futuros, en cuxo caso se imputarán en ditos exercicios.
- As que se concedan para financiar gastos específicos: imputaranse como ingresos no mesmo exercicio no que se devenguen os gastos que estean financiando.
- As que se concedan para adquirir activos do inmovilizado intanxible, material e investimentos inmobiliarios imputaranse como ingresos do exercicio en proporción á dotación á amortización efectuada nese período para os citados elementos ou, no seu caso, cando se produza a súa enaxenación, corrección valorativa por deterioro ou baixa en balance.
- Os importes monetarios que se reciban sen asignación a unha finalidade específica imputaranse como ingreso no exercicio no que se recoñezan.

A contabilización das subvencións e achegas recibidas por INCOLSA do socio único, o Concello de Santiago de Compostela, para o financiamento de actividades de interese público ou xeral, efectuouse de acordo cos criterios recollidos no apartado 1 da norma 18ª de Rexistro e Valoración do Plan Xeral de Contabilidade publicado polo RD 1514/2007, de 16 de novembro e en base ao establecido no apartado 2 desa norma, por ser INCOLSA unha empresa pertencente ao sector público.

As subvencións de carácter reintegrable, rexistraranse como pasivos da empresa ata que adquiran a condición de non reintegrables. A estes efectos, consideraranse non reintegrables cando exista un acordo individualizado de concesión da subvención, se cumpriran as condicións establecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razoables sobre a recepción da subvención.

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Aplicanse as normas contables definidas pola Orde EHA/733/2010, de 25 de marzo, pola que se aproban aspectos contables de empresas públicas que operan en determinadas circunstancias, e que desenvolve o PGC, clarificando cando as subvencións deben calificarse desde unha perspectiva contable como non reintegrables, e en consecuencia, deben recoñecerse no patrimonio neto da entidade. Segundo esta orde, as subvencións concedidas para a adquisición de activos e o financiamento de gastos específicos de execución plurianual, consideraranse non reintegrables cando na data de formulación das contas anuais, se realizara a inversión ou se executara a actuación obxecto das mesmas.

4.12.- Combinacións de negocios

Non existen elementos desta natureza.

4.13 - Negocios conxuntos

Non existen elementos desta natureza.

4.14.- Transaccións entre partes vinculadas

De existir transaccións comerciais entre a sociedade e o socio único da mesma, o Concello de Santiago de Compostela, estas realizaranse no marco da actividade habitual da empresa e en condicións normais de mercado, isto é, a prezo de mercado, entendido este como aquel acordado por persoas ou entidades independentes en condicións de libre concorrencia.

De existir transaccións con outras entidades vinculadas ao socio único, realizaranse, igualmente, no marco da actividade habitual da empresa e en condicións normais de mercado.

Nota 5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

5.1.- Inmobiliado material

O epígrafe de inmovilizado material comprende as seguintes partidas:

2013

Nº Conta	Denominación	Saldo 31/12/12	Altas	Baixas	Saldo 31/12/13
215	Outras instalacións	81.105,47			81.105,47
216	Mobiliario	100.405,26	5.450,04		105.855,30
217	Equipos para procesos de información	70.355,41	439,59		70.795,00
219	Outro Inmobiliado material	3.495,22	1.070,70		4.565,92
TOTAL (A)		255.361,36	6.960,33	0,00	262.321,69

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

2012

Nº Conta	Denominación	Saldo 31/12/11	Altas	Baixas	Saldo 31/12/12
215	Outras instalacións	81.105,47			81.105,47
216	Mobiliario	99.212,13	1.828,33	635,20	100.405,26
217	Equipos para procesos de información	69.266,98	1.088,43		70.355,41
219	Outro inmovilizado material	3.495,22			3.495,22
TOTAL (A)		253.079,80	2.916,76	635,20	255.361,36

Os datos da amortización por clases de elementos, son os seguintes:

2013

Nº Conta	Amortización Acumulada	Saldo 31/12/12	Dotación amortización		Saldo 31/12/13
			Altas	Baixas	
2815	Outras instalacións	(34.462,91)	3.057,00		(37.519,91)
2816	Mobiliario	(85.106,97)	5.759,95		(90.866,92)
2817	Equipos para procesos de información	(68.356,76)	1.155,53		(69.512,29)
2819	Outro inmovilizado material	(2.424,65)	195,26		(2.619,91)
TOTAL (B)		(190.351,29)	10.167,74		(200.519,03)

2012

Nº Conta	Amortización Acumulada	Saldo 31/12/11	Dotación amortización		Saldo 31/12/12
			Altas	Baixas	
2815	Outras instalacións	(31.405,91)	3.057,00	0,00	(34.462,91)
2816	Mobiliario	(80.076,10)	5.424,49	393,62	(85.106,97)
2817	Equipos para procesos de información	(65.821,82)	2.534,94	0,00	(68.356,76)
2819	Outro inmovilizado material	(2.229,39)	195,26	0,00	(2.424,65)
TOTAL (B)		(179.533,22)	11.211,69	393,62	(190.351,29)

Non se rexistraron correccións valorativas por deterioro de contía significativa, recoñecidas ou revertidas durante os exercicios 2013 e 2012 para os inmovilizados materiais.

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

O valor neto contable detallado por partidas é o que sigue:

Valor neto (A-B)	Saldo 31/12/13	Saldo 31/12/12
Outras instalacións	43.585,56	46.642,56
Mobiliario	14.988,38	15.298,29
Equipos para procesos de información	1.282,71	1.998,65
Outro inmovilizado material	1.946,01	1.070,57
	61.802,66	65.010,07

5.2.- Inmovilizado Intanxible

O epígrafe de inmovilizado intanxible comprende as seguintes partidas:

2013

Nº Conta	Denominación	Saldo 31/12/12	Altas	Baixas	Saldo 31/12/13
203	Marcas	110.544,75	600,00		111.144,75
206	Aplicacións informáticas	9.781,45			9.781,45
208	Outro inmovilizado intanxible	122.309,69			122.309,69
209	Anticipos para inmovilizados intanxibles	600,00	1.199,59	600,00	1.199,59
TOTAL (A)		243.235,89	1.799,59	600,00	244.435,48

2012

Nº Conta	Denominación	Saldo 31/12/11	Altas	Baixas	Saldo 31/12/12
203	Marcas	110.544,75			110.544,75
206	Aplicacións informáticas	9.781,45			9.781,45
208	Outro inmovilizado intanxible	122.309,69			122.309,69
209	Anticipos para inmovilizados intanxibles	0,00	600,00		600,00
TOTAL (A)		242.635,89	600,00	0,00	243.235,89

Os datos da amortización por clases de elementos, son os seguintes:

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

2013

Nº Conta	Amortización Acumulada	Saldo 31/12/12	Dotación amortización		Saldo 31/12/12
			Altas	Baixas	
2803	Marcas	(95.598,17)	4.677,98		(100.276,15)
2806	Aplicacións informáticas	(9.781,45)			(9.781,45)
2808	Outro inmovilizado intanxible	(122.309,69)			(122.309,69)
TOTAL (B)		(227.689,31)	4.677,98	0,00	(232.367,29)

2012

Nº Conta	Amortización Acumulada	Saldo 31/12/11	Dotación amortización		Saldo 31/12/12
			Altas	Baixas	
2803	Marcas	(90.434,69)	5.163,48		(95.598,17)
2806	Aplicacións informáticas	(9.779,37)	19,69	17,61	(9.781,45)
2808	Outro inmovilizado intanxible	(122.205,50)	104,19		(122.309,69)
TOTAL (B)		(222.419,56)	5.287,36	17,61	(227.689,31)

Nos exercicio 2013 e 2012 non se rexistraron correccións valorativas por deterioro de contía significativa

O valor neto contable detallado por partidas é o que sigue:

Valor neto (A-B)	Saldo 31/12/13	Saldo 31/12/12
Marcas	10.868,60	14.946,58
Aplicacións informáticas		
Outro inmovilizado intanxible		
Anticipos para inmovilizados intanxibles	1.199,59	600,00
	12.068,19	15.546,58

Nota 5. ACTIVOS FINANCIEROS

A continuación revélase o valor en libros de cada unha das categorías de activos financeiros sinalados na norma de rexistro e valoración novena, de acordo coa seguinte estrutura:

Clases	Instrumentos financeiros a longo prazo						Instrumentos financeiros a curto prazo						TOTAL		
	Accións e participacións no patrimonio			Valores representativos de débeda			Accións e participacións no patrimonio			Valores representativos de débeda					
	2013	2012		2013	2012		2013	2012		2013	2012		2013	2012	
Categorías															
Inversións mantidas ata o vencemento							8.388,44								
							8.388,44							12,00	8.400,44
Préstamos e partidas a cobrar															
													393.993,59	198.062,01	393.993,59
Total							8.388,44							198.074,01	402.382,03
							8.388,44						393.993,59	198.074,01	206.462,45

O Balance de Situación a 31 de decembro de 2013 e 2012 rexistra, dentro do epígrafe de A) *Activo non Corrente* un saldo de investimentos financeiros a longo prazo por importe de 8.388,44 euros, que corresponde á fianza constituída como garantía do contrato de aluguer do local de oficinas sito na Rúa do Vilar, 63.

O detalle dos activos financeiros recollidos no epígrafe B) *Activo Corrente* do Balance de Situación a 31 de decembro de 2013 e 2012, é o que sigue:

Concepto	2013	2012
Clientes	62.743,59	76.730,14
Outros debedores	331.250,00	121.331,87
<i>Debedores</i>	331.250,00	121.331,87
Fianzas e Depósitos constituídos a C/P	0,00	12,00
TOTAL	393.993,59	198.074,01


SANTIAGO DE
COMPOSTELA

Todos estes dereitos de cobro teñen un vencemento inferior a un ano.

Os movementos das contas de dotación e reversión por deterioro de créditos por operacións comerciais foron os seguintes:

Concepto	2013	2012
Perdas por deterioro de créditos por operacións comerciais (694)	0,00	0,00
Reversión do deterioro créditos por operacións comerciais (794)	0,00	0,00

O importe acumulado das correccións valorativas por deterioro de valor de créditos por operacións comerciais ascende a :

Concepto	2013	2012
Deterioro de valor de crédito por operacións comerciais	0,00	0,00

Detalle dos saldos de préstamos e partidas a cobrar a 31 de decembro que corresponden a débedas que o socio único da sociedade mantén coa sociedade :

Concepto	2013	2012
Cilientes empresas do grupo	0,00	0,00
Debedor por subvencións	331.250,00	115.000,00
TOTAL	331.250,00	115.000,00

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Nota 7. PASIVOS FINANCIEROS

No seguinte cadro recóllese o valor en libros de cada unha das categorías de pasivos financeiros atendendo á clasificación establecida na norma de rexistro e valoración novena.

Clases	Instrumentos financeiros a longo prazo						Instrumentos financeiros a curto prazo						TOTAL		
	Débedas con entidades de crédito		Obrigacións e outros valores negociables		Outros		Débedas con entidades de crédito		Obrigacións e outros valores negociables		Outros				
	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012			
Categorías															
Débitos e partidas a pagar															

En 2013 a póliza de crédito formalizada coa entidade Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A., con data 14 de xaneiro de 2013, cun límite de 439.000,00 euros, ao tipo de xuro de referencia (euribor a 3 meses) máis un diferencial do 5,00% foi totalmente amortizada e liquidados os intereses a 31/12/13.

En 2012 a póliza de crédito formalizada coa entidade Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A., con data 13 de xaneiro de 2012, cun límite de 690.000,00 euros, ao tipo de xuro de referencia (euribor a 3 meses) máis un diferencial do 4,25% foi totalmente amortizada e liquidados os intereses a 31/12/12.

O importe de Outros instrumentos financeiros a curto prazo corresponde ao saldo de partidas pendentes de aplicación e acredores comerciais e outras contas a pagar. Os pasivos financeiros por operacións comerciais, compóñense basicamente dos saldos de provedores e acredores.

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Concepto	2013	2012
Partidas pendientes de aplicación	0,00	1.291,50
Provedores	1.066,25	350,90
Otros acreedores	231.345,26	156.172,07
Acreedores por prestación de servicios	231.345,26	134.755,41
Acreedores, efectos comerciales a pagar	0,00	0,00
Remuneraciones pendientes de pago	0,00	21.416,66
TOTAL	232.411,51	157.814,47

Nota 8. FONDOS PROPIOS

A conversión do Capital a euros, realizouse atendendo ao establecido na Lei 46/1998 de 17 de decembro, sobre a introdución do euro.

O capital social é de dez millóns de pesetas, equivalentes a 60.101,21 euros, representado por CEN accións ao portador de cen mil pesetas, equivalentes a 601,0121 euros, cada unha, numeradas do un ao cen, ambos os dous inclusive, de única serie e clase, todas nominativas, totalmente desembolsadas e subscritas o 100% polo Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

A sociedade non posúe autocarteira.

No apartado de reservas recóllense o importe da Reserva Legal que ascende a 12.020,24 euros en 2013 e 2012, e o importe das Reservas Voluntarias que ascende a 266.914,15 en 2013 e a 256.974,40 euros en 2012. Segundo establece o artigo 35 dos estatutos sociais, o importe das reservas voluntarias deberá utilizarse nas melloras e ampliacións que redunden en ben do servizo público que se preste.

O epígrafe A) Patrimonio Neto do Balance de situación, reflicte un importe de 353.989,67 euros a 31 de decembro de 2013 e 341.689,65 euros a 31 de decembro de 2012.

Dado que o capital social de INCOLSA é de carácter 100% municipal, debe terse en conta o establecido no RD 1463/2007 de 2 de novembro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de 12 de decembro de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación a entidades locais, lei que foi posteriormente derogada polo RDL 2/2007 de 28 de decembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, á súa vez derogado pola Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Nota 9. SITUACIÓN FISCAL

De acordo coa lexislación fiscal en vigor en España a sociedade ten abertos á inspección todos os exercicios non prescritos por todos os impostos que lle afectan. Dadas as múltiples interpretacións posibles da normativa fiscal, as distintas actitudes que poden adoptar os inspectores actuantes en cada caso e os distintos usos que a sociedade decida facer dos mecanismos de defensa legal existentes, é imprevisible o desenlace final dos exercicios abertos á inspección non podendo determinarse neste momento se deles se derivarán pasivos adicionais non contabilizados ou se os contabilizados serán innecesarios ou excesivos.

9.1. Imposto sobre o valor engadido

A 31 de decembro de 2013 non figura no Balance de Situación ningún importe de IVE soportado pendente de deducir.

A 31 de decembro de 2012 figura no Balance de Situación, un importe de 342,70 euros de IVE soportado pendente de deducir que se corresponde con IVE soportado noutros Estados membros da UE e para o que a 31 de decembro de 2012 está aberto o prazo de solicitude de devolución.

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

9.2. Imposto sobre beneficios

Conciliación do resultado contable coa base imponible do imposto sobre sociedades:

Resultado Contable do Exercicio 2013			14.964,15
	Aumentos	Diminuicións	
Diferenzas permanentes			
Diferenzas temporarias			
Compensación de Bases Imponíbeis negativas de exercicios anteriores.			0,00
Base imponible			14.964,15
Cota íntegra (25%)			3.741,04
Deducións e bonificacións (99%)			3.703,63
Cota líquida			37,41
Retencións			0,00
Pagos a conta			21,46
Cota do exercicio a ingresar ou a devolver			15,95

Resultado Contable do Exercicio 2012			9.964,66
	Aumentos	Diminuicións	
Diferenzas permanentes			
Diferenzas temporarias			
Compensación de Bases Imponíbeis negativas de exercicios anteriores.			0,00
Base imponible			9.964,66
Cota íntegra (25%)			2.491,17
Deducións e bonificacións (99%)			2.466,26
Cota líquida			24,91
Retencións			0,00
Pagos a conta			61,13
Cota do exercicio a ingresar ou a devolver			-36,22

Na conciliación do resultado contable do 2013 e do 2012 coa base imponible do imposto sobre beneficios, non se producen diferenzas temporarias.

De acordo co establecido no artigo 34.4 do Real Decreto Lexislativo 4/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades, a entidade pode practicar unha bonificación do 99 por 100 da parte de cota íntegra que corresponda ás rendas derivadas da prestación dos servizos comprendidos no apartado 2 do artigo 25 e no apartado 1, letras a), b) e c) do artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, de

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

competencias das entidades locais territoriais, municipais e provinciais, ao tratarse dunha empresa de capital integramente municipal.

No epígrafe IV do Pasivo non corrente do Balance de situación recóllese un pasivo por diferenzas temporarias impositibles por importe de 0,10 euros en 2013 e 6,68 euros en 2012, derivados de recoñecer o efecto impositivo das subvencións de capital integradas no patrimonio neto, e que se irán aplicando na mesma medida en que ditas subvencións se vaian imputando a resultados.

Os saldos mantidos coas Administracións Públicas a 31/12/2013 e 31/12/2012 son os que seguen:

Concepto	Importe	
	2013	2012
Facenda Pública debedora por IVE	33.653,35	30.063,22
Facenda Pública debedora por devolución de impostos (IS)	0,00	77,36
Facenda Pública IVE Soportado UE	0,00	342,70
Facenda Pública acreedora por retencións	-41.167,09	-24.709,66
Facenda Pública acreedora por IS	-15,95	0,00
Organismos da Seguridade Social acredores	-17.122,65	-15.111,11
Organismos da Seguridade Social acredores	496,78	0,00

Na data de formulación das contas anuais os Administradores descoñecen a existencia de posibles contingencias de carácter fiscal que puideran afectar.

Nota 10. INGRESOS e GASTOS

O detalle das compras e variacións de existencias dentro da partida 4. *Aprovisionamentos* do modelo abreviado da conta de perdas e ganancias, é o que sigue:

Concepto	Importe	
	2013	2012
Compra de mercadorías	9.281,18	12.360,22
Compra de envases e embalaxes	1.285,94	0,00
Traballos realizados por outras empresas	53.980,04	59.925,00
Variación de existencias de mercadorías	612,81	(5.873,47)
Perdas por deterioro de existencias	32.142,56	28.653,74
Reversión del deterioro de existencias	(28.653,74)	(14.807,93)
	68.648,79	80.257,56

As compras son todas nacionais.

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

O detalle da partida 6. *Gastos de persoal* do modelo abreviado da conta de perdas e ganancias é o seguinte:

Concepto	Importe	
	2013	2012
Soldos e Salarios	607.423,17	542.798,51
Indemnizacións	0,00	3.160,02
Outras cargas sociais:	180.814,45	178.562,10
<i>Seguridade Social a cargo da empresa</i>	176.807,99	173.514,59
Outros gastos sociais	4.006,46	5.047,51
Gastos de Persoal	788.237,62	724.520,63

A sociedade non realizou achegas nin dotacións para pensións.

O Detalle da partida 7. *Outros gastos de explotación* especificando o importe das correccións valorativas por deterioro de créditos comerciais e os fallidos é o que sigue:

Concepto	Importe	
	2013	2012
Servizos exteriores	490.358,80	399.315,32
Outros tributos	667,32	0,00
Perdas por deterioro de crédito op. comerciais	0,00	0,00
Reversión deterioro de crédito por op.comerciais	0,00	0,00
Outros Gastos de Explotación	491.026,12	399.315,32

De acordo co establecido polo RD 1514/2007 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade os resultados orixinados fóra da actividade normal da empresa inclúense no punto 13. Outros resultados da conta de perdas e ganancias abreviada. O importe destes resultados ascende a -814,96 euros en 2013 e 9.123,84 euros, en 2012. No 2013 este epígrafe recolle gastos e ingresos por regularización de saldos contables. No 2012 este epígrafe recolle gastos e ingresos por regularización de saldos contables e pola baixa en balance de débedas con acredores de exercicios anteriores.

Nota 11. SUBVENCIONS, DOAZONS e LEGADOS

11.1 - Subvencións de explotación

As subvencións de explotación rexístranse polo criterio de devengo.

Durante o exercicio 2013 foron concedidas subvencións para o financiamento de gastos específicos por un total de 1.121.950,28 euros das que a totalidade teñen o carácter de non reintegrables na data de formulación das contas (Ver Nota 4.11):

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Ente que concede	Importe
Concello de Santiago de Compostela	856.815,00
Deputación Provincial da Coruña a través de convenio asinado co Concello de Santiago. Plan de Competitividade Turística	115.000,00
Deputación Provincial da Coruña a través de convenio asinado co Concello de Santiago. Plan de reforzo de actuacións de promoción turística e plan de medios	150.000,00
Subvención Vodafone	135,28
TOTAL	1.121.950,28

Durante o exercicio 2012 foron concedidas subvencións para o financiamento de gastos específicos por un total de 1.021.190,16 euros das que a totalidade teñen o carácter de non reintegrables na data de formulación destas contas (Ver Nota 4.11)

Ente que concede	Importe
Concello de Santiago de Compostela	899.315,00
Deputación Provincial da Coruña a través de convenio asinado co Concello de Santiago	115.000,00
Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia. I+D+3 RECTUR.	5.000,00
Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia. Plan FOEXGA 2012	1.331,87
Subvención VODAFONE	543,29
TOTAL	1.021.190,16

Subvencións non reintegrables

Detalle das subvencións non reintegrables concedidas no 2013:

Achega do Concello de Santiago de Compostela. O Concello de Santiago, socio único da sociedade, recolleu nos orzamentos municipais do exercicio 2013 dentro da partida 110/43200/44900 as seguintes cantidades:

- 790.565,00 euros, para o financiamento de actuacións de Turismo-Aportacións a sociedades mercantís municipais.
- 28.750,00 euros, para o financiamento do Plan de Competitividade Turística 2013, cofinanciado mediante convenio pola Deputación Provincial da Coruña.
- 37.500,00 euros, para o financiamento do Plan de reforzo de actuacións de promoción turística e plan de medios cofinanciado mediante convenio pola Deputación Provincial da Coruña.

Por ser INCOLSA unha empresa pertencente ao sector público que recibe achegas da entidade pública dominante para financiar a realización de actividades de interese público e xeral, a achega municipal percibida en 2013 rexístrase como ingreso en base ao establecido na norma de valoración 18ª.2 do Plan Xeral de Contabilidade.

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Situación: Cobrados en 2013: 790.565,00 euros. Pendentes de cobro a 31 de decembro de 2013, 66.250,00 euros.

Subvención para o financiamento do Plan de Competitividade Turística 2013 de Santiago de Compostela procedente da Deputación Provincial da Coruña. Formalizada a través dun convenio asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do Plan de Competitividade Turística que engloba actuacións nas seguintes áreas: promoción, información turística, Santiago de Compostela Convention Bureau, Santiago de Compostela Film Commission, espazo web e estudos de demanda. A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 1 de agosto de 2013, tomou entre outros o acordo de encomendar a INCOLSA a execución por xestión directa das accións comprendidas neste convenio, así como a xustificación da execución do mesmo. O importe do financiamento provincial ascende ao 80% da cantidade efectivamente xustificada, ata un límite de 115.000,00 euros.

No marco deste convenio xustificáronse accións por importe de 148.069,19 euros sendo o importe a recoñecer como ingreso de 115.000,00 euros.

Situación: Presentada xustificación ante a Deputación Provincial con data 29 de xaneiro de 2014. Pendente de aprobación polo órgano correspondente da Deputación Provincial e pendente de cobro.

En opinión dos administradores da Sociedade cúmprense tódolos requisitos establecidos no convenio, polo que se entende que esta subvención ten o carácter de non reintegrable.

Subvención para o financiamento do Plan de reforzo de actuacións de promoción turística e plan de medios. Formalizada a través dun convenio asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do Plan de reforzo de actuacións de promoción turística e plan de medios que engloba actuacións nas seguintes áreas: Promoción Área Santiago, promoción, publicacións e portal web, turismo gastronómico, turismo deportivo, Santiago de Compostela Film Commission e comunicación. A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 26 de decembro de 2013, tomou entre outros o acordo de aprobar o convenio e encomendar a INCOLSA a execución por xestión directa das accións comprendidas neste convenio, así como a xustificación da execución do mesmo. O importe do financiamento provincial ascende ao 80% da cantidade efectivamente xustificada, ata un límite de 150.000,00 euros.

No marco deste convenio xustificáronse accións por importe de 193.523,19 euros sendo o importe a recoñecer como ingreso de 150.000,00 euros.

Situación: Presentada xustificación ante a Deputación Provincial con data 29 de xaneiro de 2014. Pendente de aprobación polo órgano correspondente da Deputación Provincial e pendente de cobro.

En opinión dos administradores da Sociedade cúmprense tódolos requisitos establecidos no convenio, polo que se entende que esta subvención ten o carácter de non reintegrable.

Subvención VODAFONE. Recolle os importes dos descontos aplicados para a adquisición de terminais telefónicos pola compañía VODAFONE.

11.2 - Subvencións de capital

No Balance de situación a 31/12/13 dentro do epígrafe A-3) *Subvencións, doazóns e legados recibidos* do Pasivo do Balance, aparecen recollidas as seguintes subvencións de capital (Ver Nota 4.11):

a.-) Subvención de capital por importe de 27,33 euros, concedida polo Consorcio de Santiago en 2009, para o financiamento da adquisición de dereitos sobre a edición impresa de láminas do conxunto catedralicio e do Pórtico da Gloria. O importe inicial concedido foi de 10.000,00 euros e a imputación a resultados do exercicio fíxose por importe de 1.995,00 euros e na mesma proporción en que se dotou a amortización do activo intanxible para cuxo financiamento foi concedida.

Así mesmo, en 2013 imputáronse a resultados os seguintes importes das Subvencións que figuraban no Balance a 31/12/12:

a.-) Imputáronse a resultados 631,72 euros correspondentes á subvención de capital concedida pola Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia en 2009, para o financiamento da adquisición de equipos informáticos recollidos no punto I Inmovilizado Material do epígrafe A) Activo non corrente do Balance de Situación. O importe inicial concedido foi de 5.174,95 euros e a imputación a resultados do exercicio fíxose na mesma proporción en que se dotou a amortización do activo tanxible para cuxo financiamento foi concedida.

No Balance de situación a 31/12/12 dentro do epígrafe A-3) *Subvencións, doazóns e legados recibidos* do Pasivo do Balance, aparecen recollidas as seguintes subvencións de capital (Ver Nota 4.11):

a.-) Subvención de capital por importe de 631,72 euros, concedida pola Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia en 2009, para o financiamento da adquisición de equipos informáticos recollidos no punto I Inmovilizado Material do epígrafe A) Activo non corrente do Balance de Situación. O importe inicial concedido foi de 5.174,95 euros e a imputación a resultados do exercicio fíxose por importe de 1.290,51 euros e na mesma proporción en que se dotou a amortización do activo tanxible para cuxo financiamento foi concedida.

b.-) Subvención de capital por importe de 2.022,33 euros, concedida polo Consorcio de Santiago en 2009, para o financiamento da adquisición de dereitos sobre a edición impresa de láminas do conxunto catedralicio e do Pórtico da Gloria. O importe inicial concedido foi de 10.000,00 euros e a imputación a resultados do exercicio fíxose por importe de 1.995,00 euros e na mesma proporción en que se dotou a amortización do activo intanxible para cuxo financiamento foi concedida.

Así mesmo, en 2012 imputáronse a resultados os seguintes importes das Subvencións que figuraban no Balance a 31/12/11:

a.-) Imputáronse a resultados 325,70 euros correspondentes á subvención de capital concedida no exercicio 2007 para o financiamento dos dereitos sobre láminas e ilustracións recollidos no punto I Inmovilizado Intanxible do epígrafe A) Activo non corrente do Activo do Balance de Situación. O importe inicial concedido ascendeu a 10.938,66 euros e a imputación a resultados

do exercicio realizouse na mesma proporción en que se dotou a amortización do activo intanxible para cuxo financiamento foi concedida.

b.-) Imputáronse a resultados 53,14 euros correspondentes á subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña a través de convenio asinado co Concello de Santiago para o financiamento da curtametraxe "La princesa alegría", no marco do Festival Internacional Curtocircuito 2008, e que figura no punto I Inmobilizado Intanxible do epígrafe A) Activo non corrente do Activo do Balance de Situación, por importe de 40.586,21 euros. O importe inicial concedido foi de 19.980,59 euros e a imputación a resultados do exercicio da mencionada subvención fíxose na mesma proporción en que se dotou a amortización do activo intanxible para cuxo financiamento foi concedida.

Nota 12. OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS

Durante o exercicio 2013 a sociedade prestou servizos ao socio único, o Concello de Santiago, por importe de 12.810,46 euros, consistentes na execución das actuacións recollidas no Proxecto Europeo CERTO encomendadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de decembro de 2012. En 2012 a sociedade non realizou transaccións comerciais co seu único socio, o Concello de Santiago de Compostela.

O saldo pendente de cobro a 31/12/13 e 31/12/12 derivado de operacións comerciais e recollido na conta Clientes, empresas do grupo, ascende a 0,00 euros.

Durante os exercicio 2013 e 2012 non se realizou ningunha outra operación con entes ou empresas participadas polo socio único.

En 2013 INCOLSA recoñeceu do socio único, o Concello de Santiago de Compostela, achegas por importe de 856.815,00 euros recollidas no orzamento municipal dentro da partida 110/43200/44900 para o financiamento de actuacións de Turismo-Aportacións a sociedades mercantís municipais. Durante o 2013 cobráronse 790.565,00 euros e quedan pendentes de cobro a 31 de decembro de 2013, 66.250,00 euros.

En 2012 INCOLSA recoñeceu do socio único, o Concello de Santiago de Compostela, unha achega por importe de 899.315,00 euros recollida no orzamento municipal dentro da partida 110/43200/44900 para o financiamento de actuacións de Turismo-Aportacións a sociedades mercantís municipais. Esta achega foi cobrada integramente en 2012.

O Concello de Santiago de Compostela, socio único, encomendou a INCOLSA durante o exercicio 2013 a execución e xustificación do Convenio asinado coa Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do Plan de Competitividade Turística. En base a ese convenio executáronse e xustificáronse accións por importe de 148.069,19 euros, estando pendente de resolución e cobro a subvención recoñecida como ingreso, que corresponde á achega da Deputación por importe de 115.000,00 euros.

O Concello de Santiago de Compostela, socio único, tamén encomendou a INCOLSA durante o exercicio 2013 a execución e xustificación do Convenio asinado coa Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do Plan de reforzo de actuacións de promoción turística e plan de medios. En base a ese convenio executáronse e xustificáronse accións por importe de

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

193.523,19 euros, estando pendente de resolución e cobro a subvención recoñecida como ingreso, que corresponde á achega da Deputación por importe de 150.000,00 euros.

O Concello de Santiago de Compostela, socio único, encomendou a INCOLSA durante o exercicio 2012 a execución e xustificación do Convenio asinado coa Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do Plan de Competitividade Turística. En base a ese convenio executáronse e xustificáronse accións por importe de 148.050,60 euros. O cobro desta subvención, por importe de 115.000,00 euros, fíxose efectivo con data 27 de setembro de 2013.

No exercicio 2013, recoñecéronse gastos de dietas por asistencia as sesións do Consello de Administración por importe de 2.073,45 euros. En 2013 foron abonadas dietas por importe de 1.171,95 euros recoñecidas en 2012, quedando pendentes de cobro a 31 de decembro de 2013, un importe de 2.073,45 euros.

No exercicio 2012, recoñecéronse gastos de dietas por asistencia as sesións do Consello de Administración por importe de 3.335,55 euros. En 2012 foron abonadas dietas por importe de 2.163,60 euros, quedando pendentes de cobro a 31 de decembro de 2012, un importe de 1.171,95 euros.

Non existen créditos, préstamos ou plans de pensións a favor dos membros do Consello de Administración.

Ademais, e conforme o establecido no artigo 127.4 da Lei de Sociedades Anónimas introducido pola Lei 26/2003 de 17 de xullo, os membros do Consello de Administración durante os exercicios 2013 e 2012 declaran que non mantiveron participación no capital de sociedades co mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade ao que constitúe o obxecto social da Sociedade. Así mesmo, declaran que non realizaron nin realizan actividades por conta propia ou allea do mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade ao que constitúe o obxecto social da Sociedade.

As remuneracións devengadas no exercicio 2013 polo persoal de alta dirección ascenderon a 59.421,41 euros en concepto de soldos e salarios do exercicio, 11.292,71 euros en concepto de soldos e salarios polo variable correspondente ao exercicio 2012 e aprobado en 2013 e a 1.975,70 euros, en concepto de dietas.

En 2013, concedéronse anticipos ao persoal de alta dirección por importe de 8.900,00 euros, en base ao establecido no artigo 14 do Convenio Colectivo para o sector de oficinas e despachos da provincia da Coruña, dos que se amortizaron en 2013 a cantidade de 1.270,00 euros, quedando pendentes de amortización a 31 de decembro de 2013, a cantidade de 7.630,00 euros.

As remuneracións devengadas no exercicio 2012 polo persoal de alta dirección ascenderon a 54.848,55 euros en concepto de Soldos e Salarios e a 1.097,08 euros, en concepto de dietas.

Nota 13. OUTRA INFORMACIÓN

O número medio de persoas empregadas no curso do exercicio expresado por categorías é o que se recolle no seguinte cadro:

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Categoría profesional	Persoal medio por categoría	
	2013	
	Fixos	Eventuais
Director Xerente	1,00	0,00
Técnicos superiores	2,00	0,00
Técnicos medios	8,00	1,00
Informadores turísticos	6,00	2,63
Total número medio	17,00	4,58

Os honorarios devengados polo **servizo de auditoría de contas** ascenderon no exercicio 2013 a 5.115,00 euros e no 2012 a 5.115,00 euros (IVE non incluído).

Acontecementos posteriores ao peche

Con posterioridade á data de peche do exercicio non se produciron acontecementos que afecten substancialmente aos Estados Financeiros referidos a aquela data ou que doutro xeito merezan ser recollidos.

Información sobre o medio ambiente

Como consecuencia da natureza da propia actividade a sociedade non ten responsabilidades, gastos, activos, provisións, nin continxencias de natureza medioambiental que puideran ser significativas en relación ao Patrimonio, á situación financeira e aos resultados da mesma. Por ese motivo, non se inclúen detalles específicos nas contas anuais do exercicio 2013 respecto á información de cuestións medio ambientais.

Os abaixo asinantes, como administradores da Sociedade citada, manifestan que na contabilidade correspondente ás presentes contas anuais **NON** existe ningunha partida de natureza medioambiental que deba ser incluída de acordo á norma de elaboración das Contas Anuais no Plan Xeral de Contabilidade (Real Decreto 1514/2007 de 16 de novembro) e no Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas (Real Decreto 1515/2007 de 16 de novembro).

Nota 14. INFORMACIÓN SOBRE OS APRAZAMENTOS DE PAGO EFECTUADOS A PROVEDORES. DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA "DEBER DE INFORMACIÓN" DA Lei 15/2010 de 5 de xullo.


En cumprimento do establecido na Disposición adicional terceira da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e conforme ao establecido na Resolución de 29 de decembro de 2010, do ICAC, incorpórase a continuación a seguinte información:

- Importe total de pagos realizados a provedores e acredores no exercicio, distinguindo os que excederan os límites legais de aprazamento (60 días para o exercicio 2013 e 75 días para o exercicio 2012).

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

- Importe do saldo pendente de pago a provedores e acredores que ao peche de cada un dos exercicios acumule un aprazamento superior ao prazo legal de pago, fixado na Disposición transitoria segunda para os exercicios 2013 e 2012, respectivamente.

Pagos realizados e pendentes de pago na data de peche do Balance				
	2013		2012	
	Importe	%	Importe	%
Dentro do prazo máximo legal	326.710,33	87,27%	310.269,89	78,09%
Resto	47.674,02	12,73%	87.069,29	21,91%
Total pagos do exercicio	374.384,35	100,00%	397.339,18	100,00%
Aprazamentos que á data de peche sobrepasan o prazo máximo legal	12.692,51		0,00	



PROPOSTA DE APLICACIÓN DO RESULTADO

O Consello de Administración de Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA), propón á Xunta Xeral Ordinaria a seguinte distribución de resultados:


Base de reparto	Exercicio 2013	Exercicio 2012
Perdas e ganancias (129)	14.926,74	9.939,75
TOTAL A DISTRIBUÍR	14.926,74	9.939,75

Distribución	Exercicio 2013	Exercicio 2012
Reservas voluntarias (113)	14.926,74	9.939,75
TOTAL DISTRIBUÍDO	14.926,74	9.939,75

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

**FORMULACIÓN DAS CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2013, ASÍ
COMO DA PROPOSTA DE APLICACIÓN DO RESULTADO.**

O Consello de Administración de Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA), en sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2014, formulou as Contas Anuais referidas ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2013. Estas Contas compóñense de Balance, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de cambios do Patrimonio Neto e Memoria, así como a proposta de aplicación do resultado, incluídos no presente documento que se compón de 34 páxinas incluída esta, referidas coa numeración da 1 á 34, escritas nunha soa cara e asinadas cada unha delas polo Sr. Secretario do Consello de Administración D. Juan Manuel Salguero del Valle, sendo asinada esta dilixencia polos cinco membros de dereito do Consello de Administración e o propio Sr. Secretario.


Dª Reyes Leis Rodríguez

Presidenta


Dª Mª de los Ojos Grandes Pardo
Valdés
Vogal

Dª Maria Castelao Torres


Vogal


D. Francisco Reyes Santiás
Vogal


D. Rubén Cela Díaz
Vogal

DILIXENCIA

D. Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario do Consello de Administración de Información e Comunicación Local, S.A. certifica que as anteriores firmas dos administradores da Sociedade corresponden aos señores conselleiros e que o presente documento comprende as contas anuais e a proposta de aplicación do resultado de Información e Comunicación Local, S.A., correspondentes ao exercicio 2013, documentación que foi formulada polo Consello de Administración da Sociedade en reunión celebrada a esta data e que se encontra estendido en 34 folios de papel común, escritos a unha soa cara todos eles coa miña rúbrica.


D. Juan Manuel Salguero del Valle
Secretario

**CERTIFICADO CONSELLO
DE ADMINISTRACIÓN CA
2013 INCOLSA**

**JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE, SECRETARIO DO CONSELLO DE
ADMINISTRACIÓN DA EMPRESA MUNICIPAL INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL,
S.A. (INCOLSA),**

CERTIFICO: Que o Consello de Administración da empresa municipal INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA), na sesión ordinaria de data 25 de marzo de 2014, formulou as Contas Anuais da sociedade do exercicio 2013 nun documento de 34 páxinas, composto polo Balance, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de cambios do Patrimonio Neto e Memoria, así como a proposta de aplicación do resultado.


O Balance de situación aprobado recolle un importe total das partidas de activo e de pasivo de 644.835,21 euros e un importe total das partidas de Patrimonio Neto de 353.989,67 euros. A Conta de Perdas e Ganancias aprobada presenta un resultado final despois de impostos, de 14.926,74 euros.


E para que conste aos efectos oportunos expido a presente co Visto e Prace da Sra Presidenta a 6 de xuño de dous mil catorce.

Vº. E PRACE.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO


Dª Reyes Leis Rodríguez


D. Juan Manuel Salguero del Valle

D. JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE, en calidade de **SECRETARIO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN** da entidade mercantil **INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.**, con C.I.F. A-15683477, e inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña baixo a folla C-21.392, folio 201, tomo 2.180 do Arquivo, Sección Xeral, inscrición 1ª,

CERTIFICA:

1.- Que con data 28 de maio de dous mil catorce, ás dezasete horas e quince minutos, no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Excmo Concello de Santiago de Compostela, reuniuse o socio único e constituíuse a Xunta Xeral Ordinaria da sociedade municipal **INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.** Unipersonal con carácter de **UNIVERSAL**.

2.- Que tras declararse validamente constituída, preside a Xunta D. **ANGEL BENITO CURRÁS FERNÁNDEZ**, e actúa como Secretario D. **JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE**, coa seguinte orde do día:

PUNTO 1: Aprobación das contas anuais e distribución de resultados relativos ao exercicio 2013.

PUNTO 2: Redacción, lectura e aprobación, se procede, da Acta da Xunta Xeral Ordinaria e designación dos membros da Asemblea que asinarán a acta por delegación.

3.- Que na Acta figura o nome de todos os asistentes que por unanimidade a aproban. A Acta foi asinada por delegación dos presentes, pola da Presidenta do Consello de Administración e Concelleira do PP, Dña. Reyes Leis Rodríguez, o Concelleiro do PSdeG-PSOE e vogal do Consello de Administración Don Francisco Reyes Santiás, e o Concelleiro do BNG e vogal do Consello de Administración, Don Rubén Cela Díaz.

4.- Que tras presentarse as **CONTAS ANUAIS** correspondentes ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2013, formuladas polo Consello de Administración en data 25 de marzo de 2014, xunto co Informe de Auditoría e despois de diversas deliberacións, o socio único adopta entre outros os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2013, pechado a 31 de decembro de 2013, que se compoñen do Balance, a Conta de Perdas e Ganancias, o Estado de Cambios do Patrimonio Neto e a Memoria, que foron formuladas polo Consello de Administración da sociedade con data 25 de marzo de 2014, seguindo o seu modelo abreviado. As Contas Anuais aprobadas están unidas á acta da sesión formando parte integrante da mesma.

SEGUNDO: Aprobar a distribución dos resultados do ano 2013 nos seguintes termos:

Base de reparto	Exercicio 2013
Perdas e ganancias (129)	14.926,74
TOTAL A DISTRIBUÍR	14.926,74

Distribución	Exercicio 2013
Reservas voluntarias (113)	14.926,74
TOTAL DISTRIBUÍDO	14.926,74

**INFORME DE AUDITORÍA CA
2013 INCOLSA**


INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS

O Concello de Santiago de Compostela, Accionista único de INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (SOCIEDADE UNIPERSOAL)

1. Auditamos as contas anuais abreviadas de INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. que comprenden o balance de situación abreviado a 31 de decembro de 2013, a conta de perdas e ganancias abreviada, o estado de cambios no patrimonio neto abreviado e a memoria abreviada correspondentes ao exercicio anual terminado en dita data. Os administradores son responsables da formulación das contas anuais da sociedade, de acordo co marco normativo de información financeira aplicable a entidade que se identifica na nota 2 da memoria adxunta e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as citadas contas anuais abreviadas no seu conxunto, baseada no traballo realizado de acordo coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, que require o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais abreviadas e a avaliación da súa presentación, os principios e criterios contables empregados e as estimacións realizadas, están de acordo co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación.
2. Na nosa opinión, as contas anuais abreviadas do exercicio 2013 adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira de INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. ó 31 de decembro de 2013, así como dos resultados das súas operacións correspondentes ó exercicio anual terminado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.



Juan Capellá Auditores, S.L.P.
Inscrita en el R.O.A.C. nº S-1.784



Mario Rafael Salas Aller
Socio Auditor

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2014

INFORME DE ESTABILIDADE CA 2013 INCOLSA

Expediente: Contas Anuais da sociedade municipal INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA) correspondentes ao exercicio 2013.

Asunto: Informe da análise do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

REGULACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (en adiante REOL).

NECESIDADE DA SÚA APLICACIÓN A INCOLSA

A distinta normativa que regula a estabilidade orzamentaria, ten como obxectivo final a adecuación da política orzamentaria do sector público, en orde á consecución final da súa estabilidade e a garantir o seu crecemento económico no marco da Unión Económica e Monetaria.

O ámbito de aplicación subxectivo desta normativa ven fixado no artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012 e no tamén artigo 2 do Real Decreto 1463/2007.

O artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, establece aos seus efectos que o sector público se considera integrado polas seguintes unidades:

1. *O sector Administracións Públicas, de acordo coa definición e delimitación do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello, de 25 de xuño de 1996 que inclúe os seguintes subsectores, igualmente definidos conforme a dito Sistema:*
 - a. *Administración central, que comprende o Estado e os organismos da administración central.*
 - b. *Comunidades Autónomas.*
 - c. *Corporacións Locais.*
 - d. *Administracións da Seguridade Social.*
2. *O resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes das administracións públicas, non incluídas no apartado anterior, terán así mesmo*

consideración de sector público e quedarán suxeitos ao disposto nas normas desta Lei que especificamente se refiran ás mesmas.

O referido Regulamento (CE) 2223/96 do Consello de Europa delimita o sector de «administracións públicas» (S.13) segundo a seguinte definición: *"inclúe todas as unidades institucionais que son outros produtores non de mercado cuxa produción se destina ao consumo individual ou colectivo, que se financian principalmente mediante pagos obrigatorios efectuados por unidades pertencentes a outros sectores e/ou que efectúan operacións de redistribución da renda e da riqueza nacional."*

O artigo 2.1 d) do Real Decreto 1463/2007, relativo aos integrantes do Inventario de Entes do Sector Público Local ao que lle resulta de aplicación o citado Regulamento, establece:

"d) As sociedades mercantís nas que se dea algunha das seguintes circunstancias:

Que a entidade local, os seus entes dependentes, vinculados ou participados pola mesma, participen no seu capital social, directa ou indirectamente, de forma maioritaria.

Que calquera órgano, organismo ou sociedade mercantil integrante ou dependente da entidade local, dispoña de dereitos de voto maioritarios na sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios desta última.

Que calquera órgano, organismo ou sociedade mercantil integrante ou dependente da entidade local, teña dereito a nomear ou a destituir á maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios desta última.

Que o administrador único ou a maioría dos membros do consello de administración da sociedade, sexan designados na súa calidade de membros ou conselleiros pola entidade local, organismo ou sociedade mercantil dependentes da entidade local."

En base á normativa anterior, INCOLSA ten a condición de sector público, desde o punto de vista da Lei Orgánica 2/2012, e forma parte do Inventario de Entes do Sector Público Local, desde o punto de vista do Real Decreto 1463/2007, por ser unha sociedade mercantil de capital pertencente na súa totalidade ao Concello de Santiago, séndolle por tanto de aplicación a normativa que regula a estabilidade orzamentaria.

INSTRUMENTACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA EN INCOLSA - SECTORIZACIÓN

O Real Decreto 1463/2007, no seu artigo 4, establece dous grupos de entidades a efectos da determinación e cumprimento dos obxectivos sobre estabilidade orzamentaria, no caso específico do sector público local:

"1. As entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, que presten servizos o produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade definido nos apartados 1 e 3 do artigo 19 da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria. (1)"

Aos efectos anteriores, e en canto á execución de orzamentos, entenderase que se deberá axustar ao principio de estabilidade orzamentaria calquera alteración dos orzamentos iniciais definitivamente aprobados da entidade local e dos seus organismos autónomos, e, no seu caso, calquera variación da evolución dos negocios respecto da previsión de ingresos e gastos dos entes públicos dependentes.

2. As restantes entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes das entidades locais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos ou aprobarán as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles sexa de aplicación."

O cálculo da regra do 50% para o exercicio 2013, en base aos criterios establecidos polo SEC95, determina que INCOLSA produce bens ou servizos non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, dado que as vendas son inferiores ao 50% dos custos de produción. O resultado do cálculo da regra do 50%, sitúa pois a INCOLSA, como produtor non de mercado, e por tanto, dentro do sector de Administracións Públicas da Contabilidade Nacional (artigo 4.1 Real Decreto 1463/2007).

Segundo a redacción dada polo artigo 11, en relación co 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que substitúe ao artigo 19 da Lei 18/2001 de Estabilidade Orzamentaria, ao que remite o devandito artigo 4.1 do REOL, para as entidades que se encadran no seu ámbito (**Entidades locais e os seus organismos autónomos ou entes públicos dependentes financiados maioritariamente con ingresos non de mercado**), ningunha Administración Pública poderá incurrir en déficit estrutural definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais. Establece, tamén, para o caso concreto das Corporacións Locais, que estas deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. Para o cálculo do déficit estrutural aplicarase a metodoloxía utilizada pola Comisión Europea no marco da normativa de estabilidade orzamentaria.

(1) Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, que foi derogada polo RDL 2/2007 de 28 de decembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, á súa vez derogado pola Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

O Real Decreto 1463/2007, establece no seu artigo 15 o sistema de cumprimento do obxectivo de estabilidade, determinando que :

"Entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do presente regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais ás que se refire o artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor."

O artigo 16 do Real Decreto 1463/2007 articula a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria das entidades locais, descansando a responsabilidade da avaliación na Intervención Xeral do Estado, para o caso de entidades que cumpran os requisitos establecidos no artigo 111 do RD Lexislativo 2/2004 (que sexan capital de provincia ou que teñan poboación de dereito igual ou superior a 75.000 habitantes). Para os demais municipios a responsabilidade recae no Interventor Local.

DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO E DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DAS CONTAS ANUAIS DE INCOLSA PARA O EXERCICIO 2013

A determinación da capacidade de financiamento de INCOLSA, computada de acordo cos criterios establecidos pola Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da guía de marzo de 2013 de Cálculo do déficit en contabilidade nacional das unidades empresariais que aplican o Plan Xeral de Contabilidade privada ou algunha das súas adaptacións sectoriais, e tomando como base os datos recollidos nas contas anuais da sociedade, formuladas polo Consello de Administración con data 25 de marzo de 2014, reflicte un valor negativo por importe de 129.212,02 euros, isto é, amosa unha situación de **necesidade de financiamento**, ao determinarse un valor da capacidade de financiamento da sociedade, individualmente considerada, negativo.

A situación de necesidade de financiamento das Contas Anuais de 2013, supón que INCOLSA non cumpre, a 31 de decembro de 2013, a normativa de estabilidade orzamentaria que lle resulta de aplicación como sociedade mercantil de titularidade integral municipal dependente do Concello de Santiago de Compostela non financiada maioritariamente con ingresos comerciais.

Esta situación ven motivada polo diferimento no momento de consideración como ingresos, a efectos da determinación da capacidade/necesidade de financiamento das subvencións concedidas polas Administracións Públicas, en concreto, de dúas subvencións por importe de 115.000,00 e 150.000,00 euros formalizadas a través de convenios Concello-Deputación Provincial, cuxa execución e xustificación foi encomendada a INCOLSA. As actuacións recollidas en ambos convenios foron executadas pola sociedade antes do 31 de decembro de 2013 e xustificada a súa execución diante da Deputación provincial en xaneiro de 2014. O gasto derivado destas execucións está computado dentro do epígrafe de gastos a efectos da conta de Perdas e Ganancias da sociedade e da determinación da capacidade/necesidade de financiamento. Os ingresos derivados da execución de ambos convenios, foron computados como ingresos a efectos da conta de Perdas e Ganancias da sociedade, pero non a efectos da determinación da capacidade/necesidade de financiamento, xa que, segundo determina a Guía de cálculo do déficit en contabilidade nacional das unidades empresariais que aplican o Plan Xeral de Contabilidade privada ou algunha das súas adaptacións sectoriais, incluírase no epígrafe de Subvencións e Transferencias correntes: *"... o importe contabilizado na conta de perdas e ganancias das subvencións e transferencias correntes recibidas, cuxa contía deberá axustarse aos datos da Administración pagadora, de forma que será esta (a entidade outorgante das subvencións) a que indique a cantidade, que de acordo á súa execución orzamentaria, deba recoñecer como ingreso a unidade empresarial beneficiaria."* Ao non existir, a 31 de decembro de 2013, resolución da Deputación que recolla o importe a pagar en base ás xustificacións presentadas, os ingresos derivados dos convenios subscritos co organismo provincial non poden incorporarse para o cálculo da capacidade/necesidade de financiamento do exercicio 2013, aínda que se dan todas as circunstancias para que as resolucións sexan emitidas polos importes máximos recollidos nos convenios. De feito, na data de emisión deste informe, a Deputación Provincial xa emitiu resolución de pagamento, a favor do Concello de Santiago, beneficiario da subvención, correspondente á subvención de 115.000,00 euros, concedida para o financiamento do Plan de Competitividade Turística 2013. A resolución de pagamento, correspondente á subvención de 150.000,00 euros, concedida para o financiamento do Plan de Reforzo de actuacións de promoción turística e plan de medios, está aínda pendente a esta data.

Así mesmo, para a determinación da capacidade/necesidade de financiamento da sociedade en 2013, si se computou, a efectos de ingreso, o importe da subvención concedida en 2012 pola Deputación Provincial e formalizada igualmente a través de convenio Concello-Deputación, por importe de 115.000,00 euros, dado que a resolución de pago da mesma foi emitida polo organismo provincial en 2013, mentres que o gasto correspondente á execución das actuacións recollidas no mesmo non computaron a efectos de gasto, por corresponder a un exercicio anterior.

Segundo se desprenda das contas anuais formuladas polo Consello de Administración con data 25 de marzo de 2014, a sociedade presenta un resultado, antes de impostos, para o exercicio 2013, de beneficio por importe de 14.964,15 euros, que ten a súa base no resultado de explotación da empresa, 15.920,50 euros, e nos resultados financeiros negativos por importe de -956,35 euros. O resultado final despois de impostos é de 14.926,74 euros.

Así mesmo, o Balance de situación formulado para dito exercicio recolle un importe total das partidas de Patrimonio Neto de 353.989,67 euros e un Fondo de Manobra positivo por importe de 271.730,48 euros, do que se deduce que a sociedade ten capacidade suficiente para atender os compromisos de pagamento a C/P co saldo de Tesourería de que dispón a 31 de decembro (74.347,61 euros) e os dereitos de cobro a C/P recollidos no Balance.

Do anterior, despréndese, que o importe negativo do cálculo da capacidade/necesidade de financiamento da sociedade, non deriva dun déficit estrutural, senón do recoñecemento como ingreso das subvencións formalizadas entre o Concello e a Deputación en momentos diferentes a efectos da normativa contable que é de aplicación á sociedade e a efectos da Contabilidade Nacional, que determina que a sociedade deberá axustarse aos datos da Administración Pública pagadora, sendo esta quen indique a cantidade que de acordo á súa execución orzamentaria, deba recoñecer como ingreso a unidade beneficiaria. Dado que a 31 de decembro de 2013, a Deputación non emitira resolución de pagamento destas dúas subvencións, por un importe total de 265.000,00 euros, a sociedade non pode recoñecer o ingreso a efectos do cálculo da capacidade/necesidade de financiamento, aínda que si recoñece o importe de 115.000,00 correspondentes a un convenio de 2012.

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, no seu Artigo Primeiro, na modificación que introduce na redacción da Disposición adicional novena Redimensionamento do sector público local da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, establece:

.../...

- 2. Aquelas entidades que á entrada en vigor da presente Lei desenvolvan actividades económicas, estean adscritas a efectos do Sistema Europeo de Contas a calquera das Entidades Locais do artigo 3.1 desta Lei ou dos seus organismos autónomos, e se encontren en desequilibrio financeiro, disporán do prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta Lei para aprobar, previo informe do órgano interventor da Entidade Local, un plan de

corrección de dito desequilibrio. A estes efectos, e como parte do mencionado plan de corrección, a Entidade Local da que dependa poderá realizar achegas patrimoniais ou subscribir ampliacións de capital das súas entidades só si, no exercicio orzamentario inmediato anterior, esa Entidade Local cumprira cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e o seu período medio de pago a provedores non supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.

Se esta corrección non se cumprira a 31 de decembro de 2014, a Entidade Local no prazo máximo dos seis meses seguintes a contar desde a aprobación das contas anuais ou da liquidación do orzamento do exercicio 2014 da entidade, segundo proceda, disolverá cada unha das entidades que continúe en situación de desequilibrio. De non facelo, ditas entidades quedarán automaticamente disoltas o 1 de decembro de 2015.

Os prazos citados no parágrafo anterior deste apartado 2 ampliaranse ata o 31 de decembro de 2015 e o 1 de decembro de 2016, respectivamente, cando as entidades en desequilibrio estean prestando algún dos seguintes servizos esenciais: abastecemento domiciliario e depuración de augas, recollida, tratamento e aproveitamento de residuos, e transporte público de viaxeiros.

Esta situación de desequilibrio financeiro referirase, para os entes que teñan a consideración de Administración pública a efectos do Sistema Europeo de Contas, á súa necesidade de financiamento en termos do Sistema Europeo de Contas, mentres que para os demais entes se entenderá como a situación de desequilibrio financeiro manifestada na existencia de resultados negativos de explotación en dous exercicios contables consecutivos.

.../...


En base ao anterior, a sociedade deberá aprobar un plan, previo informe da intervención municipal, para a corrección do desequilibrio que deriva da determinación da capacidade/necesidade de financiamento segundo os datos das contas anuais do exercicio 2013.

O devandito Plan deberá basearse na resolución, por parte de Deputación Provincial da Coruña, de ambos expedientes de subvención, entendendo que no momento en que ambas resolucións estean emitidas o desequilibrio financeiro que se manifesta estará debidamente corrixido, cumprindo entón nese momento, a sociedade, co obxectivo de estabilidade orzamentaria. En tanto, o cobro de ambas subvencións non se produza, a sociedade afronta o pagamento dos gastos de execución mediante

unha operación de Tesourería a C/P, con vixencia ata o 31 de decembro de 2014, formalizada co aval do Concello de Santiago con data 27 de xaneiro de 2014.

Este é o informe que se emite, sen prexuízo de calquera outro mellor fundado en Dereito.

Santiago de Compostela, a 20 de maio de 2014

Asdo.:  Mariya Lado Arias

Directora-Xerente de INCOLSA

CONFORME:


Interventor Municipal

Asdo.: D. Vicente Calvo del Castillo



	Exercicio 2013
INGRESOS A EFECTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (A)	1.226.930,42
Importe neto de cifra de negocios	252.220,13
Traballos previsto realizar pola empresa para o seu activo	-
Ingresos accesorios e outros ingresos de xestión corrente	2.690,00
Subvencións e transferencias correntes	971.950,28
Ingresos financeiros por xuros	70,01
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	-
Ingresos excepcionais	-
Achegas patrimoniais	-
Subvencións de capital a recibir	-
GASTOS A EFECTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (B)	1.356.142,44
Aprovisionamentos	65.159,97
Gastos de persoal	788.237,62
Outros gastos de explotación	490.358,80
Gastos financeiros e asimilados	1.026,36
Imposto de sociedades	(14,76)
Outros impostos	667,32
Gastos excepcionais	-
Variacións do Inmobilizado material e intanxible, de inversións inmobiliarias, de existencias	7.547,11
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación da conta de PeG	-
Aplicación de provisións	3.160,02
Inversións efectuadas por conta de Administracións e Entidades Públicas	-
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	-
(=) Capacidade /Necesidade de financiamento	(129.212,02)

SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONCELLO DE SANTIAGO

DETALLE DO CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO A PARTIR DOS DATOS DE PEG

INGRESOS E GASTOS	Datos de ingresos e gastos do exercicio segundo a conta de PEG do exercicio	Avustes positivos	Avustes negativos	Capacidade/ Necesidade de financiamento	Avustes para a determinación da capacidade/ necesidade de financiamento a partir dos datos da Conta de PEG, segundo a Guía de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional das entidades empresariais que aplican o PGC
INGRESOS A EFECTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (A)	1.380.854,32	115.000,00	-268.923,90	1.226.930,42	
Importe neto cifra de negocios	252.220,13			252.220,13	
Traballos previstos realizar para o seu activo				0,00	
Ingresos accesorios e outros ingresos de xestión corrente	2.690,00			2.690,00	
Subvencións e transferencias correntes					
Ingresos financeiros por intereses	1.121.950,28	115.000,00	-265.000,00	971.950,28	Avustes por diferenza de criterio sobre o momento de imputación a ingresos das subvencións.
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	70,01			70,01	
Ingresos excepcionais				0,00	
Achegas patrimoniais	1.290,60		-1.290,60	0,00	Avuste por correspondencia a regularizacións contables que non computan.
				0,00	
Subvencións de capital a recibir	2.633,30		-2.633,30	0,00	Corrección da imputación a rdos das subvencións de capital, segundo o criterio de que as subvencións de capital computan integramente no exercicio no que se perden.
GASTOS A EFECTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (B)	(1.355.927,58)	20.477,51	(10.692,37)	(1.356.142,44)	
Aprovisionamentos					
Gastos de persoal	(68.648,79)	3.488,82		(65.159,97)	Avuste do importe da variación da provisión por deterioro de existencias que non computa.
Outros gastos de explotación	(788.237,62)			(788.237,62)	
Gastos financeiros e asimilados	(490.358,80)			(490.358,80)	
Imposto de sociedades	(1.026,36)			(1.026,36)	
Outros impostos	(37,41)	37,41	14,76	14,76	Avuste por diferenza de criterio para a determinación do IS do exercicio.
Gastos excepcionais	(667,32)			(667,32)	
	(2.105,56)	2.105,56			
Amortización do inmovilizado					
Variacións do inmovilizado material e intangible, de inversións inmovilizadas, de existencias	(14.845,72)	14.845,72			Avuste por correspondencia a regularizacións contables que non computan.
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación da conta de PEG			(7.547,11)	(7.547,11)	Avuste do importe da dotación á amortización do inmovilizado do exercicio segundo a guía de cálculo.
Aplicación de provisións					Avuste para a determinación do gasto por variacións de inmovilizado e existencias do exercicio segundo a guía de cálculo.
Inversións efectuadas por contas de Administracións e Entidades Públicas			(3.160,02)	(3.160,02)	Avuste por aplicación de provisións no exercicio.
Axudas, transferencias e subvencións concedidas					
(*) Capacidade/ Necesidade de financiación	14.926,74			(129.212,02)	